



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** O dereito da competencia e a protección dos consumidores

**CONVOCATORIA:** 1ª Convocatoria formación continua IEP

**GRUPO:** Economía Pública (Formación Continua)

**ÁREA:** Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	APROVEITAMENTO	<b>PLAN:</b>	F. FINALISTAS	<b>HORAS:</b>	30
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AU LO UN	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2024
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	TELEFORMACIÓN	<b>TIPOLOXÍA:</b>	XERAL	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 23/02/2024 - 09:00h ao 04/03/2024 - 14:00h

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRINCIÓN CURSO

O artigo 38 da Constitución Española reconece a liberdade de empresa no marco dunha economía de mercado e a garantía e protección desta polos poderes públicos, de acordo coas esixencias da economía xeral e, no seu caso, da planificación. A existencia da economía de mercado disciplina a actuación das empresas e reasigna os recursos produtivos a favor dos operadores ou as técnicas máis eficientes. Esta eficiencia produtiva trasládase ao consumidor na forma de menores prezos ou dun aumento da cantidade ofrecida dos produtos, da súa variedade e calidade, co conseguinte incremento do benestar do conxunto da sociedade.

Neste contexto, existe un acordo xeneralizado con respecto á crecente importancia da defensa da competencia, que se consolidou como un dos elementos principais da política económica na actualidade. Dentro das políticas de oferta, a defensa da competencia complementa a outras actuacións de regulación da actividade económica e é un instrumento de primeira orde para promover a produtividade dos factores e da competitividade xeral da economía.

Resulta preciso coñecer un sistema que, sin intervir de forma innecesaria na libre toma de decisións empresariais, permita contar cos instrumentos axeitados para garantir o bo funcionamento dos procesos de mercado.

### DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional; das entidades locais e persoal de administración e servizos (PAS) das Universidades do Sistema Universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).

### PROGRAMA

Módulo I. O dereito da competencia.

- Competencia, eficiencia e economía de mercado
- Réxime xurídico: normativa comunitaria europea e española
- O marco institucional. Comisión europea, CNMC e autoridades autonómicas

Módulo II. As condutas prohibidas.

- Cárteles e intercambios de información. Análise particular doutros acordos de cooperación entre competidores.
- Abuso de posición dominante: posición de dominio. A posición dominante conxunta e o control dos oligopolios. Concepto e tipos de abuso. Abusos de exclusión. O problema dos prezos excesivos. Condutas abusivas nos mercados dixitais.
- O falseamento da libre competencia por actos deleais.

Módulo III. A aplicación das prohibicións.

- Procedementos ante a CE e a CNMC: prazos, fases, acceso; mecanismos de investigación; facultades da autoridade da competencia; sancións. Revisión xudicial. O procedemento de clemencia.
- A aplicación privada: a nulidade. Indemnización de danos. A directiva 2014/104/UE e a súa trasposición ao Dereito

español.

- Promoción da competencia: función divulgativa. Promoción da cultura da competencia. Programa de cumprimento (compliance).

Módulo IV. O control de concentracións

- Normativa aplicable: orixe e evolución

- Concepto de concentración: adquisición do control; cambios na natureza do control: empresas en participación.

- Concentracións e economía dixital. Plataformas dixitais: efectos de rede e big data.

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da EGAP.

## 3. DATOS EDICIÓNS

### T01

**LOCALIDADE:** TELEFORMACIÓN

**INICIO / FIN:** 29/04/2024 a 27/05/2024

**NUM. PRAZAS:** 50

**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

**DATA EXAME:** 31/05/2024 ás 17:00h

### DOCENTES NOMEADOS

DANIEL NEIRA BARRAL

### LUGAR DE REALIZACIÓN

En liña.